

Orde do día dos asuntos que se van tratar na sesión plenaria ordinaria do 31 de maio de 2019, ás 12.00 horas.

## **ASUNTOS**

### **Actas**

- 1.-Aprobación da acta da sesión anterior, número 4/19, do 26 de abril.
- 2.-Toma de coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia desde o 23 de abril ata o 27 de maio de 2019.
- 3.-Proposición da Presidencia sobre ratificación de Resolucións da Presidencia sobre recursos contencioso-administrativo contra acordos plenarios.

### **Comisión de Cultura e Normalización Lingüística**

- 4.- Corrección de erro no texto do convenio coa Federación de Libreros de Galicia para financiar as "Feiras do Libro na provincia e a Gala do Libro Galego 2018" e aprobación da correspondente adenda.

### **Comisión de Promoción Económica e Emprego**

- 5.-Ratificación dos cambios e a introdución dos anexos do convenio aprobado entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias e as Deputacións Provinciais, en materia de emerxencias e prevención e defensas contra incendios forestais, para o desenvolvemento dos Grupos de Emerxencia Supramunicipais (GES).

### **Comisión de Infraestruturas Viarias, Vías e Obras Provinciais e Medio Ambiente**

- 6.-Aprobación da modificación do "Plan provincial de medio ambiente (PMA) 2016", por cambio de proxecto promovido polo Concello de Vilasantar.

### **Comisión de Contratación, Patrimonio e Equipamento**

- 7.-Aprobación dun convenio de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e a Universidade de Santiago de Compostela para financiar os gastos de realización de prácticas de alumnos da escola de práctica xurídica e adquisición de material necesario 2019.

### **Comisión de Cooperación, Plans Provinciais Xerais, Asistencia a Municipios, Turismo e Patrimonio Histórico-Artístico**

- 8.-Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Colector Espasande-A Insua" do Concello de Teo, incluído no Plan de aforro e investimento (PAI) 2016 co código 2016.3290.0073.0

**Comisión de Economía, Facenda, Especial de Contas, Persoal e Réxime Interior**

9.-Aprobación da información sobre o período medio de pago a provedores á que se refire o Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, correspondente ao mes de abril de 2019 e relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación, polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e pola Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña entre o 1 e o 30 de abril de 2019.

10.-Toma de coñecemento da remisión, ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, da información da execución orzamentaria da Deputación Provincial e dos seus entes dependentes (Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e Fundación Axencia Enerxética da provincia da Coruña) correspondente ao primeiro trimestre de 2019, en cumprimento do disposto na Orde HAP/2015/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigacións de subministración de información previstas na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

11.-Aprobación do informe sobre o estado de execución orzamentaria correspondente a abril de 2019 e proxección a 31/12/2019.

12.-Tomar coñecemento do informe da fiscalización a posteriori dos recursos propios da Deputación provincial e dos doutros entes públicos correspondentes ao exercicio 2017.

ACTUACIÓN DE CONTROL  
MOCIÓNS  
ROGOS E PREGUNTAS